

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,  
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,  
GANDARÍA E MONTES**

Día: 21.09.2018

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 21 de setembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único. Proposicións non de lei**

- 1            29230 (10/PNC-002317)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as modificacións que debe introducir a Xunta de Galicia no Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018*
  
- 2            29641 (10/PNC-002361)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula  
Sobre as melloras que debe levar a cabo o Goberno galego nas condicións laborais do persoal da empresa pública Seaga  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018*
  
- 3            33260 (10/PNC-002723)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David  
Sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios persoais e orzamentarios necesarios ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, coa cobertura das vacantes de persoal investigador existentes  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018*
  
- 4            33985 (10/PNC-002777)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio  
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para poñer en marcha, antes de que remate este ano, un plan de investigación científica a través dun convenio coa universidade e/ou centros de investigación que colaboren no desenvolvemento de medidas axeitadas para erradicar e controlar a praga do picudo vermello das palmeiras  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 350, do 03.09.2018*
  
- 5            34914 (10/PNC-002831)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa demanda existente de man de obra cualificada no sector agrogandeiro

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 352, do 05.09.2018*

6

36139 (10/PNC-002899)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre o fomento por parte do Goberno galego da participación de Galicia en experiencias internacionais de intercambio e coñecemento con países e rexións que teñan en marcha tamén iniciativas de mobilización das terras agrarias

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 12.09.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2018

Moisés Blanco Paradelo  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

## Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Raúl Fernández Fernández	S
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Jesús Miguel Prado Patiño	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM
Antón Sánchez García	EM

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 21.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 21.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 29230(10/PNC-002317)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as modificacións que debe introducir a Xunta de Galicia no Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal

*Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/04/2018 12:54  
Nº Rexistro: 29230  
Data envío: 11/04/2018 12:54:55.623

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 23/2016 de 25 de febreiro obriga ós montes veciñais a reinvestir, cando menos, o 40% de tódolos ingresos cun documento complicado e farragoso que ben parecera te-lo obxectivo de que as Comunidades de Montes non o cubrisen ou que o cubrisen mal para así incumpri-la norma e non poder ter acceso a axudas e subvencións.

Nesta norma obrígase a contempla-la cuantía das subvencións recibidas pola comunidade veciñal coma un ingreso máis do que hai que investir en mellora e protección forestal o 40%. Isto en si é unha aberración pois as subvencións son finalistas, é dicir, débese investi-la cuantía da axuda ou subvención recibida no obxecto para o que foi concedida.

As cuantías das expropiacións son xeralmente elevadas. O decreto de reinvestimento obrigado na mellora e protección forestal marca que o xa citado 40% desta cuantía hai que investila nun ano ou se a Administración Forestal o admite, en 4 anos. Esta obriga supón non entender o monte, no que catro anos son un período

mínimo de tempo. Ter que investilas nun ou en catro anos equivale a impedir o logro dun monte multifuncional e sustentable.

Poñer tamén nos 4 anos o tope máximo de inversión da totalidade dos ingresos recibidos por madeira queimada, na práctica significa que moitos montes veciñais en man común, pasados 4 anos quedarán sen posibles para o mantemento das plantacións (desbroce, poda, crareo...).

Esta obriga potencia un ciclo perverso: *lume–replantación– abandono–lume* máis ou menos cada 10 anos, ano arriba, ano abaixo. Cos cartos obtidos da madeira queimada, deberíase permitir que os montes veciñais en man común afectados polos lumes, elaborasen un plano de investimento por un tempo real e adecuado para asegura-la sustentabilidade da recuperación do monte queimado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta a:

-Modifica-lo Decreto 23/2016 de 25 de febreiro polo que se regula a reinversión dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal para que a tramitación sexa simple.

-Modifica-lo Decreto 23/2016 de 25 de febreiro no senso de retira-la cuantía das subvencións da base imponible e dar un período de amortización de 15 anos para ás cuantías recibidas polas expropiacións.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/04/2018 12:54  
Nº Rexistro: 29230  
Data envío: 11/04/2018 12:54:55.623

-Modifica-lo Decreto 23/2016 de 25 de febreiro no senso de permitir que os montes veciñais en man común afectados polos lumes, elaboren un plano de investimento por un tempo real e adecuado para asegura-la sustentabilidade da recuperación do monte queimado.”

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 11/04/2018 12:53:13**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2018 12:53:19**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/04/2018 12:54**  
**Nº Rexistro: 29230**  
Data envío: 11/04/2018 12:54:55.623

**Ana Pontón Mondelo na data 11/04/2018 12:53:20**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2018 12:53:24**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/04/2018 12:53:25**

**Xosé Luis Bará Torres na data 11/04/2018 12:53:27**

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 21.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 29641(10/PNC-002361)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as melloras que debe levar a cabo o Goberno galego nas condicións laborais do persoal da empresa pública Seaga

*Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2018 11:00  
Nº Rexistro: 29641  
Data envío: 19/04/2018 11:00:55.898



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e a súa deputada **Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**, sobre as melloras que se deben de acometer nas condicións das traballadoras e traballadores da empresa pública SEAGA.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

SEAGA é unha empresa pública creada pola Xunta de Galiza no ano 2006 para a realización, como medio propio da Administración galega, e ao seu servizo, de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestacións de servizos en materias forestais, especialmente as relacionadas coa prevención e loita contra os incendios forestais en particular e, en xeral, intervencións de carácter urxente relacionadas cos lumes forestais.

No dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais conviven diversos actores, pero á hora do ataque directo na primeira liña de lume atópase o persoal que dirixe as tarefas (axentes e técnicos fundamentalmente) e o persoal que se enfrenta ás lapas: brigadas contratadas directamente pola Consellería de Medio Rural e brigadas contratadas a través da empresa pública SEAGA.

Non existe diferenza ningunha entre estes dous tipos de traballadores e traballadoras á hora da extinción dos lumes forestais, están baixo o mesmo mando e actúan conxuntamente.



Pero si existen varias diferencias previas posteriores:

- O persoal contratado directamente pola Consellería está incluído no V Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Xunta de Galicia.
- O persoal contratado a través de SEAGA non ten convenio nin se lle aplica o V Convenio. Aplícaselle o Estatuto dos Traballadores excepto, curiosamente cando se trata de reducir o salario pola aplicación dos recortes salariais aos empregados públicos.
- Os salarios dos traballadores de SEAGA son inferiores aos do persoal contratado directamente. Non se lles recoñece o tempo traballado en SEAGA para acceder ás listas de contratación da Xunta de Galicia.
- Os contratos de SEAGA limítanse todos a 3 meses de duración, cando entre o persoal contratado directamente pola Xunta hai un importante colectivo de fixos-descontinuos de 9 meses.
- Aos traballadores de SEAGA a empresa obrígaos, mediante un protocolo imposto que denunciaron ante a inspección de traballo, a realizar na mesma xornada tarefas de prevención e extinción, co risco que isto supón para a seguridade e a merma de efectividade na extinción dos lumes. Teñen constatadas xornadas laborais de 4 horas de traballo de prevención, máis 8 de extinción.

En resumo, realizan as mesmas funcións que os seus compañeiros-as do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais (SPDCIF), pero cobran menos, teñen menos dereitos, teñen contratos de menor duración, teñen que realizar tarefas de prevención e extinción na mesma xornada e ademais non se lles recoñece o tempo traballado.

Desde os Comités de Empresa e a título individual, os traballadores-as denunciaron e gañaron sentenzas que lles recoñecen dereitos do V Convenio único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia, están agardando resolución da



Inspección de Traballo polo protocolo que lles obriga a duplicar tarefas e están demandando ante a dirección de SEAGA e ante Función Pública que se lles aplique a disposición transitoria sexta da LOFAXGA, que di:

*“En relación co persoal regulado no título III desta lei cuxo réxime xurídico lle asigne retribucións inferiores ás establecidas no convenio colectivo do persoal da Xunta de Galicia para as correspondentes categorías procederase, nun prazo de dous anos desde a aprobación desta lei, a negociar coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos a aplicación do convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia”.*

Esta lei é a 16 / 2010 de 17 de decembro, co cal van case 5 anos desde a súa aprobación.

Por todo o exposto o Grupo ParlamentarIO de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 7.<sup>a</sup>:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Aplicar o V Convenio Único do Persoal Laboral da Xunta de Galicia ao persoal de SEAGA.
- 2) Ampliar os contratos a 9 meses, o mesmo que os das compañeiras-os contratados directamente pola Consellería.
- 3) Eliminar o protocolo que obriga a realizar tarefas de prevención e extinción durante os meses de alto risco de incendios forestais.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2018 11:00  
Nº Rexistro: 29641  
Data envío: 19/04/2018 11:00:55.898



4) Recoñecer o tempo traballado en SEAGA á hora de acceder ás listas de contratación da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez  
Paula Quinteiro Araújo  
Deputado e deputada do G.P. de En Marea.  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 19/04/2018 11:00:07**

**Paula Quinteiro Araújo na data 19/04/2018 11:00:19**

**Luis Villares Naveira na data 19/04/2018 11:00:26**

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 21.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 33260(10/PNC-002723)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia dos medios persoais e orzamentarios necesarios ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, coa cobertura das vacantes de persoal investigador existentes

*Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018*





## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Davide Rodríguez Estévez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 7.ª**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo ten a función de realizar investigacións básicas e aplicadas orientadas nas liñas de investigación preferentes dos programas de recursos e tecnoloxías agroalimentarias.

Realiza tamén a labor de transferencia de coñecementos ao sector agrogandeiro. Desenvolve convenios con empresas ou cooperativas do sector para desenvolver liñas de investigación aplicables ao agro en Galiza.

Realiza na actualidade unha labor fundamental, e é indispensable para o futuro do sector e a súa adaptación ás mudanzas necesarias, en cuestións como a conservación da biodiversidade e a investigación de variedades que poidan ser interesantes para o seu cultivo futuro, métodos de produción máis eficientes no uso da auga, menos dependentes dos insumos, etc.

Tendo esta relevancia obsérvase que a Xunta de Galicia está a debilitar o centro negándolle os recursos necesarios para un óptimo funcionamento.

Nos anos de goberno Feijoo non se repuxeron efectivos de persoal investigador e de campo, o que situou o cadro investigador por debaixo do 50% dos efectivos



Tampouco se efectuaron investimentos en maquinaria, instalacións e equipamentos científicos, o que provocou a obsolescencia dos recursos materiais utilizados na investigación

E reduciuse a dotación de fondos propios para o gasto corrente ata case eliminalos.

O goberno galego non atende as necesidades de persoal do centro tanto de investigadores como de persoal laboral para as labores nas fincas e gandeirias.

Das 22 prazas de investigadores 11 están vacantes, e mesmo o centro carece dun especialista na investigación do millo ante a xubilación do probablemente maior experto do país.

A escaseza de persoal dificulta o traballo e a captación de fondos procedentes de proxectos.

A falla da preparación do relevo dos investigadores, común tamén a outros centros de investigación, é outro dos problemas que teremos no futuro.

Tamén existe carestía orzamentaria para a xestión diaria do CIAM reducíndose ata dificultar enormemente a xestión do centro.

Non entendemos que por unha parte de fale da innovación como piar do futuro, ou da lexislatura do rural cando na realidade a Xunta de Galicia leva anos desmantelando e debilitando a investigación, formación e transferencia de coñecementos.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7.<sup>a</sup>



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/07/2018 11:48  
Nº Rexistro: 33260  
Data envío: 09/07/2018 11:48:07.280



O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a dotar de medios persoais e orzamentarios suficientes para o bo desenvolvemento das actividades do CIAM, cubrindo cando menos as vacantes existentes en persoal investigador.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García  
Davide Rodríguez Estévez  
Deputados e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 09/07/2018 11:42:24**

**Antón Sánchez García na data 09/07/2018 11:42:28**

**Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**

**Día: 21.09.2018**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4 33985(10/PNC-002777)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para poñer en marcha, antes de que remate este ano, un plan de investigación científica a través dun convenio coa universidade e/ou centros de investigación que colaboren no desenvolvemento de medidas axeitadas para erradicar e controlar a praga do picudo vermello das palmeiras

*Publicación da iniciativa, 350, 03.09.2018*

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Aínda que non son orixinarias deste territorio, hai décadas que a palmeira se converteu nunha das árbores ornamentais utilizadas con maior frecuencia en parques, zonas verdes e xardíns, tanto públicos como privados, de Galicia. Con todo, dun tempo para aquí o seu número foi decrecendo e hoxe en día moitas delas están secas ou deterioradas.

O picudo vermello é un escaravello orixinario do sueste asiático que comezou a súa expansión pola península en 1993 debido á introdución de palmeiras ornamentais infestadas desde o norte de África. O picudo vermello (*Rhynchophorus ferrugineus*) coloniza as palmeiras, devorando o interior do tronco ata debilitar e provocar a morte da árbore.

A praga do picudo vermello que afecta ás palmeiras esténdese por Galicia. O primeiro exemplar infestado na nosa comunidade detectouse en 2013 en Gondomar e, a partir de entón, a súa expansión foi imparable, desde os municipios do sur da provincia de Pontevedra cara ao norte de Galicia.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a poñer en marcha, antes de que remate este ano, un Plan de investigación científica a través dun convenio coa universidade e/ou centros de investigación que colaboren no desenvolvemento de medidas axeitadas, para erradicar e controlar a praga do picudo vermello das palmeiras.

Pazo do Parlamento, 31 de xullo de 2018



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/08/2018 10:03**  
**Nº Rexistro: 33985**  
Data envío: 01/08/2018 10:03:55.293



---

 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

---

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 01/08/2018 09:56:54**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**José Antonio Quiroga Díaz na data 01/08/2018 09:57:09**

---

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/08/2018 09:57:21**

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 21.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 34914(10/PNC-002831)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa demanda existente de man de obra cualificada no sector agrogandeiro

*Publicación da iniciativa, 352, 05.09.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/08/2018 10:25  
Nº Rexistro: 34914  
Data envío: 27/08/2018 10:25:46.125

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza experimentou nos últimos anos unha perda importante de explotacións gandeiras de vacún de leite co conseguente efecto negativo no emprego e despoboamento do medio rural. As que continúan coa actividade precisan redimensionarse optando moitas veces pola agrupación. Así é que a día de hoxe a porcentaxe de sociedades de distinto tipo (SAT, SC, SL, SCG) representan cada vez unha porcentaxe máis elevada.

A dinámica laboral destas explotacións mudou moito do que ata agora funcionaba nas explotacións familiares. A estrutura territorial e de instalación así como a especialización obriga a que algunhas tarefas sexan externalizadas. Así ocorre cos cultivos de forraxes e tamén en grande medida na recría de xovencas.

Por distintos motivos a man de obra familiar xa non é suficiente para atender este novo tipo de explotacións e faise preciso contratar persoal externo. Cada día son máis as granxas que poden ter futuro grazas ao persoal asalariado.

O que debería ser unha boa alternativa ante o desemprego no rural atópase con un grande inconvinte: non hai oferta de persoal cualificado para traballar nestas



explotacións e existe unha crecente demanda do mesmo. Nalgunhas zonas de forte actividade leiteira esta falta de persoal cualificado está sendo un grave problema.

A Administración debería ser quen de transformar esta carencia nunha dupla oportunidade: o sector precisa persoal cualificado para traballar nas explotacións mais tamén precisa formarse para xestionar equipos e organizar tarefas.

Gandeiras e gandeiros deben afrontar este reto, ademais de manexar gando e cultivos, ocuparse da burocracia ligada á actividade. Teñen que incorporar persoal alleo e xestionar o equipo de xeito que a explotación funcione e sexa rendible.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Promover accións formativas encamiñadas a que persoas en situación de desemprego poidan acceder ó mundo laboral no sector agrogandeiro.
2. Deseñar e poñer a disposición do sector cursos de formación específica para traballadoras e traballadores de explotacións de vacún de leite, con programas moi prácticos e horarios axeitados e que redunden nun beneficio real para as persoas traballadoras e tamén para as explotacións.
3. Simplificar as trabas burocráticas con que se atopan as explotacións que optan por contrataren man de obra estranxeira, principalmente no relativo a regularización de inmigrantes.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 27/08/2018 10:25**  
**Nº Rexistro: 34914**  
Data envío: 27/08/2018 10:25:46.125

4. Necesidade de formación específica para estranxeiros en tarefas propias das explotacións e no referido ó idioma.

5. Dar saída á desconexión existente entre a formación regulamentada e a necesidade de man de obra.

6. Creación de bolsas de emprego para explotacións que permita cubrir a demanda existente e dar solución a problemas coma a cobertura dos tempos en vacacións

7. Diseñar e poñer a disposición do sector cursos de formación específica para as persoas propietarias das explotacións enfocados á xestión de equipos e tarefas.

8. Nas axudas á incorporación de xente moza incluír criterios de puntuación máis favorables para as persoas que presenten formación específica regulamentada na xestión de explotacións gandeiras.

9. Habilitar axudas específicas para a contratación de servizos de substitución naquelas explotacións nas que, pola súa dimensión, non é posible a contratación de persoal asalariado.”

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/08/2018 10:25  
Nº Rexistro: 34914  
Data envío: 27/08/2018 10:25:46.125

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 27/08/2018 10:14:03**

**María Montserrat Prado Cores na data 27/08/2018 10:14:08**

**Ana Pontón Mondelo na data 27/08/2018 10:14:10**

**Olalla Rodil Fernández na data 27/08/2018 10:14:11**

**Noa Presas Bergantiños na data 27/08/2018 10:14:13**

**Xosé Luis Bará Torres na data 27/08/2018 10:14:15**

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 21.09.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 36139(10/PNC-002899)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre o fomento por parte do Goberno galego da participación de Galicia en experiencias internacionais de intercambio e coñecemento con países e rexións que teñan en marcha tamén iniciativas de mobilización das terras agrarias

*Publicación da iniciativa, 354, 12.09.2018*



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/09/2018 17:17  
Nº Rexistro: 36139  
Data envío: 06/09/2018 17:17:14.702

### **A Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputada, **José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Daniel Vega Pérez e Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

### **Exposición de motivos**

O pasado mes de xuño o Director Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural participou en Macedonia no *X Encontro Internacional da Rede da Terra*, celebrada na cidade de Skopje, aproveitando o encontro para a presentación da Lei da METAGA e comentar a situación das parcelarias en Galicia. Así mesmo, xa no pasado mes de outubro, acudiu a Budapest, para compartir os coñecementos e presentar os proxectos de mobilidade de terras que se están levando a cabo na nosa Comunidade.

A invitación partiu conxuntamente da FAO (Food and Agriculture Organization of the United Nations) e da UNECE (United Nations Economic Commission for Europe), co fin de presentar neste congreso o marco legal sobre a concentración parcelaria e os coñecementos en materia de reorganización do territorio e aproveitamentos dos recursos territoriais. Así, Galicia foi unha das rexións invitadas, xunto cos países de Alemaña, Holanda, Dinamarca, Finlandia, Turquía e Lituania.

Nesta experiencia internacional, o Director Xeral de Desenvolvemento Rural participou activamente na presentación da Lei de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia (Metaga) e aproveitou para dar a coñecer a situación galega en materia de

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/09/2018 17:17  
Nº Rexistro: 36139  
Data envío: 06/09/2018 17:17:14.702

reestruturación do territorio; así como as iniciativas que se están desenvolvendo de mobilización de zonas agrarias a través do Banco de Terras de Galicia.

Neste sentido temos que lembrar que o fenómeno da desagrarización afectou aos diferentes países desenrolados dende mediados do século XX, sendo un problema que trae consigo a perda de superficie agraria útil. Sen embargo, a actividade agro gandeira, aínda que perdeu moito peso no que se refire a súa aportación en valor engadido e postos de traballo, segue a ser un elemento estratéxico para todos os gobernos destes países, que levan a cabo iniciativas de mobilización da terra produtiva para apoiar a viabilidade e mellorar a rendibilidade das súas explotacións agrarias.

Neste contexto cobra especial importancia participar en encontros como a referido nesta exposición de motivos, nos que a Xunta de Galicia poida expoñer as súas propostas de mobilización de terras produtivas e o mesmo tempo, coñecer as experiencias doutros países.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a fomentar a participación de Galicia en experiencias internacionais de intercambio e coñecemento con países e rexións que teñan en marcha tamén iniciativas de mobilización das terras agrarias”.

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/09/2018 17:17  
Nº Rexistro: 36139  
Data envío: 06/09/2018 17:17:14.702**

**Pedro Puy Fraga na data 06/09/2018 17:12:11**

**José González Vázquez na data 06/09/2018 17:12:19**

**Raquel Arias Rodríguez na data 06/09/2018 17:12:27**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 06/09/2018 17:12:35**

**Moisés Blanco Paradelo na data 06/09/2018 17:12:42**

**Carlos Gómez Salgado na data 06/09/2018 17:12:48**

**Daniel Vega Pérez na data 06/09/2018 17:12:56**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 06/09/2018 17:13:04**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com